Concello do Porriño

Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES
DOCUMENTO:
Data inicio de exposición: 3-11-2022
Data final de exposición: 05-12-2022
O Porriño, a de de

**PROCESO SELECTIVO DE DOUS TRABALLADORES/AS SOCIAIS, CON CARÁCTER DE FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS, PARA A EXECUCIÓN DE PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL,**

Eduardo Portela Fernández (1 para 1)
Secretario Xeral
Data de Sinatura: 03/11/2022
HASH: 7a51828c1feeb41028db641e67cf6b73
Concello do Porriño

# ANUNCIO

## RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS FASE DE CONCURSO E CONVOCATORIA PARA A REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO TEST.

O tribunal do devandito proceso selectivo resolveu as alegacións presentadas ás puntuacións outorgadas na fase de concurso, segundo se recolle a continuación.

**1.- INTERESADA: LETICIA GAGO MOLEDO, DNI ***1692**, (R.E. Nº 2022-E-RE-5978 de data 16/10/2022):**

**ALEGACIÓN:** Solicita a revisión do resultado de avaliación dos méritos alegados e xustificados para dito procedemento.

**RESOLUCIÓN**: Revisada a documentación aportada xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, resulta que:

1.- Xa se lle valorou os seguintes cursos:

-Formación básica para a sensibilización e prevención da violencia de xénero, da Escola Galega de Administración Pública, de 20 horas: 0,05 puntos.
-Resolución de conflitos, da Deputación de Pontevedra, de 20 horas: 0,05 puntos.
-Sistema de información de usuarios de Servizos Sociais (SIUSS) V.5, do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social, de 120 horas: 0,30 puntos.
-Xestión e coordinación do servizo de axuda no fogar, de Colexio oficial de traballo social de Galicia, de 50 horas: 0,10 puntos.
-Ética e intervención social con persoas maiores, do Colexio oficial de traballo social de Castilla La Mancha, de 100 horas: 0,15 puntos.

Respecto aos demais cursos non se valoraron por non versar sobre materias relacionadas coas funcións dun traballador social.

2º.- Por mor da súa alegación valórase o seguinte:

-Curso de Aventallamento activo: ferramentas para a intervención socioeducativa, do Colexio de educadoras e educadores sociais de Galicia, de 42 horas: 0,10 puntos.

-A experiencia como traballadora social que consta acreditada, mediante certificacións expedidas polo Concello de Forcarei (12 meses) e pola Deputación de Pontevedra (11 meses), valórase con 2,30 puntos.



**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

Cod. Validación: 5R9HK9A6SAPF69PQ66XRHEJSD | Corrección: https://oporrino.sedelectronica.gal/

De conformidade co exposto e coas Bases que rexen o proceso selectivo o Tribunal por unanimidade, **ACORDA**: Estimar en parte a alegación presentada por LETICIA GAGO MOLEDO, sendo o resultado da fase de concurso o seguinte:

| Nº | APELIDOS | NOME | Nº DNI | TOTAL EXPERIENCIA | TOTAL FORMACIÓN | TOTAL FASE CONCURSO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 10 | GAGO MOLEDO | LETICIA | ***1692** | 2,30 | 0,75 | 3,05 |

**2.- INTERESADA: ROCIO LEIRO MARIÑO, DNI ***3236**, (R.E. Nº 2022-E-RE-5977 de data 15/10/2022):**

**ALEGACIÓN:** Solicita a revisión da experiencia profesional por estar, en absoluto desacordo, coa puntuación obtida (0puntos). Segundo a documentación aportada (adxunto xustificante do SIR da documentación enviada) tería que ter o máximo de puntuación (2,50 puntos). Porén, solicito revisión da experiencia profesional.

**RESOLUCIÓN**: Revisada a documentación aportada xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, a petición do Tribunal polo Departamento de Persoal emitiuse a dilixencia de constancia que a continuación se transcribe literalmente:

*"DILIXENCIA DE CONSTANCIA*

*A petición do Tribunal de selección, para resolver sobre a reclamación da aspirante ROCIO LEIRO MARIÑO rexistrada o día 15-10-2022 co nº 2022-E-RE-5977, esténdese a presente para facer constar:*

*1. Que a aspirante ROCIO LEIRO MARIÑO presentou pola sede electrónica deste concello mediante instancia xeral, rexistrada o día 30-06-2022 co nº 2022-E-RC-5349, os seguintes PDF:*

*EXPERIENCIA_PROFESIONAL*
*FORMACION*
*FORMACIONB*
*reciboAnotacion*

*2. Que ao imprimirse os devanditos PDF, para que o Tribunal os tivera fisicamente para avaliación de méritos, omitiuse a impresión do pdf EXPERIENCIA_PROFESIONAL que comprende os seguintes documentos:*

*-Informe de vida laboral de 28-06-2022.*
*-Acta de toma de Posesión de traballadora social interina do Concello da Coruña de 02-05-2022.*
*-Contrato de traballo subscrito pola aspirante e o concello de A Illa de Arousa de 03-05-2021. (E-36-2021-00968771).*
*-Certificado do secretario concello de a Illa de Arousa de 22-03-2022.*
*-Contrato de traballo subscrito pola aspirante e o Concello de Chantada de 04-05-2020.*
*-Certificado do secretario Concello de Chantada de 16-11-2020*
*-Contrato de traballo subscrito pola aspirante e o HOGAR NOSA SEÑORA DAS MERCEDES de 23-12-2020.*
*-Contrato de traballo subscrito pola aspirante e o IDADES S.L. de 01-09-2016, coas súas novacións de 01-10-2016 e 20-06-2018. (E-36-2016-0245005).*



**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

Cod. Validación: 5R9HK9A6SAPF69PQ66XRHEJSD | Corrección: https://oporrino.sedelectronica.gal/

*-Contrato de traballo subscrito pola aspirante e a Cruz Roja Española de 19-06-2013. (E-36-2013-0112072).*
*-Contrato de traballo subscrito pola aspirante e a Cruz Roja-Española-Oficina provincial de Pontevedra de 19-09-2012. (E-36-2012-0186029).*
*-Contrato de traballo subscrito pola aspirante e a ASOCIACIÓN REXURDIR PROVINCIAL de 01-01-2011.*
*-Contrato de traballo subscrito pola aspirante e a ASOCIACIÓN REXURDIR PROVINCIAL de 01-09-2010."*

De conformidade co exposto e coas Bases que rexen o proceso selectivo o Tribunal por unanimidade, **ACORDA**: Estimar a alegación presentada por ROCIO LEIRO MARIÑO e valorar a experiencia acreditada con 2,50 puntos, sendo o resultado da fase de concurso o seguinte:

| Nº | APELIDOS | NOME | Nº DNI | TOTAL EXPERIENCIA | TOTAL FORMACIÓN | TOTAL FASE CONCURSO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 12 | LEIRO MARIÑO | ROCÍO | ***3236** | 2,50 | 1,45 | 3,95 |

**3.- INTERESADA: ANDREA VELASCO AMIGO, DNI ***4364**, (R.E. Nº 2022-E-RE-5999 de data 17/10/2022):**

**ALEGACIÓN:** Solicita sexa revisada a documentación presentada o día 06/07/2022 a través da sede electrónica, onde consta presentado o Certificado de Servizos Prestados no Concello de Ponteareas.

**RESOLUCIÓN**: Revisada a documentación aportada xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, resulta que a interesada:

-Ten acredita experiencia como traballadora social, mediante certificación expedida polo concello de Ponteareas (3 anos, 2 meses e 18 días) e valórase con 2,50 puntos.

De conformidade co exposto e coas Bases que rexen o proceso selectivo o Tribunal por unanimidade, **ACORDA**: Estimar a alegación presentada por ANDREA VELASCO AMIGO, sendo o resultado da fase de concurso o seguinte:

| Nº | APELIDOS | NOME | Nº DNI | TOTAL EXPERIENCIA | TOTAL FORMACIÓN | TOTAL FASE CONCURSO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 29 | VELASCO AMIGO | ANDREA | ***4364** | 2,50 | 1,30 | 3,80 |

**4.- INTERESADA: LUCIA PENAS MORALES, DNI ***6338**, (R.E. Nº 2022-E-RE-5990 de data17/10/2022):**

**ALEGACIÓN:** Solicita revisión da baremación de méritos correspondentes á experiencia profesional na fase de concurso para o proceso selectivo de dous traballadores sociais.

**RESOLUCIÓN**: Revisada a documentación aportada xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, resulta que a interesada:



Cod. Validación: 5R9HK9A6SAPF69PQ66XRHEJSD | Corrección: https://oporrino.sedelectronica.gal/

-Non acreditou a experiencia como traballadora social, na Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde e no concello de Vigo, mediante as correspondentes certificacións, tal como establece as Bases que rexen o proceso selectivo que din: *Os servizos prestados na Administración pública acreditaranse mediante certificación expedida pola Administración pública onde os houbese prestado.*

De conformidade co exposto e coas Bases que rexen o proceso selectivo o Tribunal por unanimidade, **ACORDA**: Desestimar a alegación presentada por LUCIA PENAS MORALES manténdose a puntuación outorgada.

**5.- INTERESADO: IAGO FILGUEIRA PIÑEIRO, DNI ***7996**, (R.E. 2022-E-RE-6001 de data 17/10/2022):**

**ALEGACIÓN:** Solicita e revise a documentación presentada en rexistro con data de 29 de xuño de 2022 e polo tanto, no apartado de experiencia laboral se teña en conta para obter a puntuación debida na fase de concurso.

**RESOLUCIÓN**: Revisada a documentación aportada xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, resulta que o interesado:

-Non acreditou a experiencia como traballador social no concello de Redondela e no concello de O Porriño, mediante as correspondentes certificacións, tal como establece as Bases que rexen o proceso selectivo que din: *Os servizos prestados na Administración pública acreditaranse mediante certificación expedida pola Administración pública onde os houbese prestado.*

De conformidade co exposto e coas Bases que rexen o proceso selectivo o Tribunal por unanimidade, **ACORDA**: Desestimar a alegación presentada por IAGO FILGUEIRA PIÑEIRO manténdose a puntuación outorgada.

**6.- INTERESADA: LUCIA GONZALEZ LAGO, DNI ***6068**, (R.E. 2022-E-RE-6007 de data 17/10/2022):**

**ALEGACIÓN**: Solicita que se revise a miña puntuación, xa que considero que non se tiveron en conta os seguintes cursos: 1.- O curso de Monitora de Actividades de tempo libre, de 350 horas impartido por unha escola de tempo libre que está homologada pola Xunta. 2.- O certificado de profesionalidade de Dinamización Comunitaria, de 628 horas, impartido polo Servizo público de Emprego de Galicia no CEO de Ourense 3.- Curso de Igualdade de oportunidades na labor profesional das entidades do 3° sector, de 25 horas impartido por ACADAR. 4.- Curso de lingua de signos. Nivel 1, de 30 horas, impartido pola UNED 5.- Curso de resolución de conflictos e control de emocións, de 18 horas de duración organizado pola rede de mulleres veciñais contra os malos tratos de vigo. 6.- Curso Adestrando as habilidades de comunicación 2009-2010, de 16 horas, organizado pola Escola Universitaris de





Cod. Validación: 5R9HK9A6SAPF69PQ66XRHEJSD | Corrección: https://oporrino.sedelectronica.gal/

Traballo Social de Santiago. 7.- Curso A xustiza de menores. Legalidade fronte a realidade, de 16 horas, Organizado pola universidade de Vigo e o observatorio para a defensa dos dereitos e libertades. Considero que tódolos cursos anteriormente expostos son de utilidade para a realización da nosa labor como traballadoras sociais e que en total sumarían unha puntuación de 0.75 puntos, non 0.30 puntos que se me otorgaron nesta fase. Solicito a modificación da miña puntuación tendo en conta o anteriormente exposto.

**RESOLUCIÓN**: Revisada a documentación aportada xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, e tendo en conta as Bases que rexen o proceso selectivo resulta que dos cursos que relaciona na alegación:

-Xa se lle valorou os seguintes cursos:

-Dinamización comunitaria de 628 horas impartido pola Consellería de Traballo e Benestar: 0,20 puntos.
-Adestrando as habilidades de comunicación 2009-2010, organizado pola Escola Universitaria de Traballo Social de Santiago, de 16 horas: 0,05 puntos.
-A xustiza da menores. Legalidade frontre a realidade, celebrado na Facultade de Ciencias da Educación do Campus de Ourense, de 16 horas: 0,05 puntos.

Non foron valorados os seguintes polos motivos que se indican a continuación:

-Curso de Monitora de Actividades de tempo libre, de 350 horas impartido por unha escola de tempo libre que está homologada pola Xunta e o Curso de lingua de signos. Nivel 1, de 30 horas, impartido pola UNED, xa que non versan sobre materias relacionadas coas funcións dun traballador social.

- Curso de resolución de conflictos e control de emocións, de 18 horas de duración organizado pola rede de mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo, por non estar impartido por unha Administración, Organismo Público ou centro homologado aos que se refire a Base 11.1.

Por mor da súa alegación valórase o seguinte:

-Curso de Igualdade de oportunidades na labor profesional das entidades do 3º sector, de ACADAR, de 25 horas: 0,10 puntos.

De conformidade co exposto e coas Bases que rexen o proceso selectivo o Tribunal por unanimidade, ACORDA: Estimar parcialmente a alegación presentada por LUCIA GONZALEZ LAGO, sendo o resultado da fase de concurso o seguinte:

| Nº | APELIDOS | NOME | Nº DNI | TOTAL EXPERIENCIA | TOTAL FORMACIÓN | TOTAL FASE CONCURSO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 11 | GONZÁLEZ LAGO | LUCÍA | ***6068** | 2,50 | 0,40 | 2,90 |



**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

Cod. Validación: 5R9HK9A6SAPF69PQ66XRHEJSD | Corrección: https://oporrino.sedelectronica.gal/

**7.- INTERESADA: MARIA PEREIRA BARCIA, DNI ***9457**, (R.E. 2022-E-RE-6017 de data 18/10/2022):**

**ALEGACIÓN**: Solicita que se teña en conta a miña experiencia profesional, e aporto documentación para dita puntuación.

**RESOLUCIÓN**: Revisada a documentación aportada xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, resulta que a interesada:

Aporta xunto coa alegación, de forma extemporánea, a vida laboral e certificado de servizos do concello de Barro, documentación que debeu ser presentada coa solicitude de participación no proceso selectivo, de conformidade co establecido na Base 11.1.

De conformidade co exposto e coas Bases que rexen o proceso selectivo o Tribunal por unanimidade, **ACORDA**: Desestimar a alegación presentada por MARIA PEREIRA BARCIA manténdose a puntuación outorgada.

**8.- INTERESADA: IRENE RAMIREZ ABAL, DNI ***9457**, (R.E. 2022-E-RE-6059 de data19/10/2022):**

**ALEGACIÓN**: Solicita se revise a puntuación acadada por min, Irene Ramírez Abal, xa que non estou conforme coa puntuación dada no apartado de formación.

**RESOLUCIÓN**: Revisada a documentación aportada xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, e tendo en conta as Bases que rexen o proceso selectivo, resulta que:

-Xa se lle valorou os seguintes cursos:

-Visitas domiciliarias: pautas a seguir para o persoal de servizos sociais, impartido pola Deputación de Pontevedra, de 20 horas: 0,05 puntos.
-Intervención familiar, menores e adolescente, impartido pola Deputación de Pontevedra, de 25 horas: 0,10 puntos.
-Formación básica para a sensibilización e prevención de violencia de xénero, impartido pola Escola Galega de Administración Pública, de 20 horas: 0,05 puntos.
-Introdución á ética da intervención social, impartido pola FEGAMP, de 36 horas: 0,10 puntos.
-Intervención sociolaboral con colectivos en risco de exclusión social, impartido pola FEGAMP, de 60 horas: 0,15 puntos.
-Organización de accións socioeducativas dirixidas á mocidade no marco da educación non formal, impartido pola Consellería de Política Social, de 60 horas: 0,15 puntos.



**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

Cod. Validación: 5R9HK9A6SAPF69PQ66XRHEJSD | Corrección: https://oporrino.sedelectronica.gal/

Concello do Porriño

Respecto aos demais cursos non se valoraron por non versar sobre materias relacionadas coas funcións dun traballador social e por tratarse de cursos de informática.

De conformidade co exposto e coas Bases que rexen o proceso selectivo o Tribunal por unanimidade, **ACORDA**: Desestimar a alegación presentada por IRENE RAMIREZ ABAL manténdose a puntuación outorgada.

**Polo exposto, e en virtude dos acordos anteriores as puntuacións definitivas da fase de concurso son as seguintes:**

| Nº | APELIDOS | NOME | Nº DNI | TOTAL EXPERIENCIA | TOTAL FORMACIÓN | TOTAL FASE CONCURSO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | ALONSO CARNICERO | ALEXANDRE | ***7997** | 2,50 | 1,00 | 3,50 |
| 2 | ALONSO RODRÍGUEZ | ZAIDA MARÍA | ***8914** | 0,35 | 0,75 | 1,10 |
| 3 | ARAUJO MONTENEGRO | NURIA | ***0545** | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| 4 | BOUZON VILA | TAMARA | ***6279** | 2,50 | 1,00 | 3,50 |
| 5 | BRUÑA SÁNCHEZ | NELIA | ***7639** | 2,50 | 1,00 | 3,50 |
| 6 | CASTRO FERNÁNDEZ | ALBA | ***7862** | 1,20 | 1,00 | 2,20 |
| 7 | DEL RIO SOLLA | LUCÍA | ***7522** | 0,00 | 0,40 | 0,40 |
| 8 | FERNÁNDEZ DOPAZO | MARÍA DEL CARMEN | ***1181** | 2,50 | 1,00 | 3,50 |
| 9 | FILGUEIRA PIÑEIRO | IAGO | ***7996** | 0,00 | 0,45 | 0,45 |
| 10 | GAGO MOLEDO | LETICIA | ***1692** | 2,30 | 0,75 | 3,05 |
| 11 | GONZÁLEZ LAGO | LUCÍA | ***6068** | 2,50 | 0,40 | 2,90 |
| 12 | LEIRO MARIÑO | ROCÍO | ***3236** | 2,50 | 1,45 | 3,95 |
| 13 | LÓPEZ IGLESIAS | SUSANA | ***5784** | 1,00 | 0,85 | 1,85 |
| 14 | MÉNDEZ CASTRO | ANA BELÉN | ***7936** | 2,50 | 0,10 | 2,60 |
| 15 | MÍGUEZ BUGALLO | LORENA | ***0566** | 1,95 | 0,95 | 2,90 |
| 16 | OTERO FUENTES | LAURA | ***9460** | 0,00 | 0,20 | 0,20 |
| 17 | PARREÑO USATORRE | MARTA | ***6509** | 0,85 | 0,90 | 1,75 |
| 18 | PENAS MORALES | LUCIA | ***6338** | 0,20 | 1,00 | 1,20 |
| 19 | PEREIRA BARCIA | MARÍA | ***9457** | 0,00 | 0,70 | 0,70 |
| 20 | PÉREZ MILLOS | CARLA | ***7631** | 0,00 | 0,35 | 0,35 |
| 21 | PÉREZ RODRÍGUEZ | MARÍA MONSERRAT | ***6882** | 2,50 | 1,30 | 3,80 |
| 22 | RAMÍREZ ABAL | IRENE | ***1358** | 0,00 | 0,60 | 0,60 |
| 23 | REY RADIO | NURIA | ***1903** | 2,50 | 1,00 | 3,50 |
| 24 | RODRÍGUEZ DURÁN | NOELIA | ***9337** | 0,30 | 0,30 | 0,60 |



**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

Cod. Validación: 5R9HK9A6SAPF69PO66XRHEJSD | Corrección: https://oporrino.sedelectronica.gal/

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 25 | RODRÍGUEZ GONZÁLEZ | ANA | ***8934** | 1,85 | 0,30 | 2,15 |
| 26 | SESTELO FANDIÑO | ESTEFANIA | ***8534** | 2,50 | 0,55 | 3,05 |
| 27 | SOUTIÑO ALONSO | BIBIANA | ***2240** | 0,80 | 0,35 | 1,15 |
| 28 | VALVERDE YAÑEZ | ANA ISABEL | ***0197** | 0,00 | 0,35 | 0,35 |
| 29 | VELASCO AMIGO | ANDREA | ***4364** | 2,50 | 1,30 | 3,80 |
| 29 | VELASCO AMIGO | ANDREA | ***4364** | 0,00 | 1,30 | 1,30 |
| 30 | VENTÍN PICALLO | TERESA | ***6034** | 0,00 | 0,40 | 0,40 |
| 31 | VIDAL COSTAS | MARÍA | ***8767** | 0,30 | 1,00 | 1,30 |
| 32 | VIDAL SOBRAL | ANA ISABEL | ***7760** | 2,50 | 0,65 | 3,15 |

O Tribunal acordou publicar o anteriores acordos no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org.

## CONVOCATORIA REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO TEST.

**Convócase** aos aspirantes admitidos/as para a realización do **primeiro exercicio obrigatorio e eliminatorio (test de 60 preguntas), que terá lugar o día 17-11-2022, ás 10:30 horas** no **Edificio Multicentro, sito en Ribeira s/n, Torneiros, O Porriño**. Os/As aspirantes deberán presentarse para a realización deste exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, lapis e goma de borrar.

**Documento asinado dixitalmente no Porriño na data indicada na marxe.**

**O Secretario do Tribunal.- Eduardo Portela Fernández.**



**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

Cod. Validación: 5R9HK9A6SAPF69PQ66XRHEJSD | Corrección: https://oporrino.sedelectronica.gal/